




Extracción e elaboración de lousa

Identificación:	
Termo municipal:	Carballada de Valdeorras
Provincia:	Ourense
Enderezo:	O Trigal, s/n – Sobradelo de Valdeorras
Contacto:	Manuel Pérez – Daniel Vidal
Teléfono / fax:	988 335 555 / 988 335 500
Enderezo electrónico:	samaca@samaca.com
Web:	www.samaca.com

Actividade principal:	Produción e venda de lousa para fachadas, cubertas e chans
Duración da visita:	2 horas
Reserva:	Necesaria
Grupo máximo / Mínimo:	30 / 10 visitantes
Idade:	A partir de 15 anos
Prezo:	Gratuito

Que imos ver?

Un dos centros de produción de lousa para cubertas máis grandes do mundo.

Nas canteiras e nas instalacións de IROSA, que forman parte do Grupo SAMACA, extráense os bloques de lousa que logo se transforman nas naves de elaboración, utilizando a última tecnoloxía dispoñible para este tipo de traballos. En ocasións, algunhas máquinas foron deseñadas e construídas pola propia empresa. Todo iso co fin de mellorar os postos de traballo e a calidade dos produtos.

Que hai de diferente?

Nas canteiras, logo de proceder ao desmonte e limpeza dos filóns, córtanse os bloques con fío diamantado, que permite un maior aproveitamento da materia prima.

Os cascallos que se producen no movemento de terras e no arranque, deposítanse en zonas axeitadas, procedendo á restauración que evita a degradación do medio natural.

Nas naves de elaboración procédese á preparación dos bloques para a súa venda seguindo uns protocolos de seguridade no traballo e de calidade dos produtos moi rigorosos.



A lousa na cuberta de edificios, goza dun gran prestixio, pola súa resistencia á climatoloxía máis adversa, pola súa adaptación a calquera deseño arquitectónico, polo seu escaso peso (pódense obter placas de 3 mm moi resistentes).

Coas novas tecnoloxías conseguimos que a lousa sexa un produto ao alcance de todos, conservando a calidade, coa condición de realizar a colocación de forma correcta.





Cales son os aspectos que hai que distinguir?

- Canteiras,
- métodos de extracción,
- restauración,
- naves de serrado,
- naves de elaboración,
- sistemas de captación de po,
- sistemas de depuración de augas.



Algunhas cuestións

- 1** Como se atopan os filóns?
- 2** Cantas reservas quedan?
- 3** Onde existen outras explotacións?
- 4** Onde se sitúa Galicia / España na clasificación de produtores a nivel mundial?
- 5** Que país é o maior consumidor de lousa?
- 6** Cales son os criterios de selección dunha boa lousa?
- 7** Que debemos ter en conta para que unha cuberta de lousa sexa perfecta?
- 8** Que outros usos ten a lousa ademais da cuberta de edificios?

